

# Xeada

Convídovos ó espectáculo de non ser para ser
de todo.
Vide que vos convido
a vos ver.
Ven que te reto
a te ver ti, a ti, desde ti, en ti.

Ceip Mestre Valverde Mayo



## Xela Arias



XUÑO 2021

ÍNDICE


| | |
|---|---|
| Editorial | |
| Nomes primaverais<br>4º EI |  |
| Así somos nós<br>5º EI |  |
| Peixes do Mar<br>6º EI |  |
| Bigotitos<br>1ºA EP |  |
| Trabalinguas<br>Adiviñas<br>Curiosidades<br>1ºB EP |  |
| Retos tolos<br>Pasatempos<br>2ºA EP |  |
| Tarxetas animais<br>2ºB EP |  |
| Experimentos<br>3º EP |  |
| A viaxe no tempo<br>4º EP |  |
| Regueiras<br>5º EP |  |
| Xela Arias<br>Entroido de Oímbra<br>Decímoscho nós<br>6º EP |  |

# EDITORIAL

Queridas familias:

Este curso escolar, arrancou dunha maneira moi diferente á que estabamos acostumados. A saúde dos nosos nenos e das nosas nenas, tiña que estar por riba de calquera outro aspecto.
Ao principio, resultounos unha situación atípica o feito de ter que estar coa máscara durante toda a xornada; o lavado e desinfección de mans, material escolar, mobiliario..., formaba parte das rutinas. A medida que ía avanzando o curso, esta rutina, xa era un hábito interiorizado e a situación normalizouse.

As limitacións que nos marcou a situación actual, non nos permitiu manter a relación familia-escola, do mesmo xeito que nos gustaría. Tampouco puidemos celebrar todos xuntos, festas nin festivais, xa que había que reducir os riscos de contaxio.
Aínda así, no centro fixemos todo o posible para que en grupos burbulla, os nenos e as nenas foran vivindo as datas máis significativas e a través das gravacións compartiron parte do seu traballo co resto dos compañeiros e das compañeiras do colexio.

Queremos aproveitar esta páxina da nosa revista escolar, para agradecer a todos e a todas, a colaboración prestada. Entre todos, conseguimos levar este curso adiante.
Tamén queremos felicitar aos nosos nenos e ás nosas nenas que se adaptaron moi ben a esta situación, portándose dun xeito moi responsable.

Un saúdo e ata o vindeiro curso.

Xuño - 2021

*Ceip Mestre Valverde Mayo*

# NOMES PRIMAVERAS



IRIA

GABRIEL

IBRAHIMA

ANTELA

ANO

UTIA

3 ANOS

AITANA

DAVID

CARLA



JAVIER

ALBA



BLAS

KEYI



ANTÍA

GABRIEL

IAGO

GAEL

EMMA

HUGO




ALMA
MEI
NORA
HELENA
MAURO
MANUEL


ASI SOMOS NÓS
NAYRA
JACOBO
IRINA
4 ANOS


IRENE
LUCIA
XOEL
BRAIS


JOEL
HUGO
ADRIANA


ARES
MARTÍN
ISMAEL
ALEX


PEIXES DO MAR
ESPADA
BALLENA
ESTRELLA DE MAR
PEZ GLOBO
PEZ TIGRE
5 ANOS



"VIVO NUNHA ANÉMONA"
PEIXE PAIASO
"NON TEMOS ESTÓMAGO"
CABALIÑO DE MAR
"HAI UN QUE TEN 400 ANOS"
TIBURÓN
IMITAMOS A BOZUMANA
"IMITAMOS A VOZ HUMANA"
BALEA
GUSTANOS SALTAR FORA DA AUGA
PEIXE MANTA
VIVO 50 ANOS
"VIVO 50 ANOS"
PEIXE MANTA
6°B E.I.


RAENW
(FOCA)
PEZ G LOBO
PEGEZ
(PEIXE PAIASO)
(CANGREXO)
CAGEORO
PAOi (PEIXE COLORÍN)
(TARTARUGA)
ROTOYA
6ºA INFANTIL


ADIVIÑA CALES SON OS NOSOS ANIMAIS ACUÁTICOS FAVORITOS
"SON UNHA GRAN NADADORA"
FOCA
"CANDO NACEMOS SOMOS UN POUCO FEOS"
CISNE
"VIVO NAS PROFUNDIDADES"
CACHALOTE
"DURMO CUN OLLO ABERTO"
GOLFIÑO
TEÑOLARGOSTENTÁCULOS
MEDUSA

Ata aquí os traballos
de Educación Infantil...



Agora continúa lendo os traballos
de Edución Primaria...

# BIGOTITOS




Bigotitos é a mascota da clase de 1ºA é un hamster ruso de pequ pequeno tamaño de 7 a 10 cm de lonsitude e uns 35 a 50 g de peso de cola moi curta e corpo rechoncho e comuncomo mascota, xa que os seus coidados limitanse practicamente a alimentación

1ºA

hixiene da vivenda
tamén é importante
brindarlle un espazo
mínimo para así evi
tar que padezan de
tension É un roedor
agradable ao que se
pode afacer a unha ru
tina de comida e intera
cción coas persoas
encargadas del tratar
dun animal xeral
mente docil

1.ºA

# TRABALINGUAS, ADIVIÑAS E CURIOSIDADES

Ensinanos a xogar coa linguaxe, ensinannos a atopar novas pala-bras agochadas dentro de outras fan que riamos ante o sons de algunhas expresios impronunciables (CARLOTA)




Se cen serras serran cen cipreses,
seicentos serras serran
seiscentos cipreses.
IZAN



Do queixo non che me queixo, que o quei-xo ben che me sabe. Queixome de quen o vende, que non mo deixa de balde





NICO

1ºB NICOLAS



As miñas guedellas
enguedelláronseme
enguedelladas non deben de
estar ¡Desenguedéllamas!
¡Desenguedéllamas se mas
podes desenguedellar

LÍA



Canto na orilla,
vivo na auga, non
son pescada nin
cigarra. Quen son?

ADRIÁN

(RA)



Becho pequeno que
voa entre as flores
e ten as ás de
moitas cores.

XIAN M.

(BOLBORETA)

Vesceo no circo, no
zoo tamen, ten o naríz
mais grande que no
mundo poida haber.

UXIA

(ELEFANTE)





O roer é o meu traballo, o queixo meu aperitivo e o gato sempre foi o mais temido inimigo

(RATO)

Jesús

A miña nai é tatexa, o meu pai é cantador. Teño branco o meu vestido e amarelo o corazón. Quen son?

MARIÑA

(OVO)





No campo crieime atada con verdes lazos e se choras por min estás a partirme en anacos.

Vera

(CEBOLA)

Anda e non ten pés, come e non ten boca e toda a comida lle parece pouca

ASIEL

(MUÍÑO)



As patas das
avestruces son
tan poderosasque
poden matar a un
león!

ANTON



Sabede que os
Elefantes son os uni-
cos mamiferos que teñe-
n catro xeonllos?

XABi



# RETOS TOLOS 2.º A

## RETO DEPORTIVO

- FAI O SALTO DA RÁ MENTRAS REPITES O ABECEDARIO

## RETO MATEMÁTICO

FORMA SILUETA DUN COELLO E UN PAXARO COAS TUAS MANS

## RETO DE LINGUA

PENSA 5 ANIMAIS QUE COMECEN POLA LETRA M

## RETO MUSICAL

CANTALLE AO TEU COMPAÑEIRO UNHA CANCIÓN QUE FALE DE ANIMAIS¡¡

## RETO TERRORÍFICO

DALLE UN SUSTO A PRIMEIRA PERSOA QUE ATOPES IMITANDO A UN MORCEGO

## RETO MATEMÁTICO

Cantos patos suman 3 flamencos mais 4 cans?

0

## RETO MATEMÁTICO

CAL É O ANIMAL MAIS LONGO DO MUNDO?

# PASATEMPOS

## 2ª A

• ATOPA 8 ANIMAIS

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E | Q | A | C | A | N | Ñ | P | P | T | E |
| G | T | R | M | U | I | P | E | I | X | E |
| O | Z | E | I | L | A | G | C | U | B | S |
| L | F | O | R | A | X | G | Ñ | C | O | R |
| F | D | B | A | L | E | A | E | O | A | G |
| I | E | S | D | I | T | L | R | E | U | V |
| Ñ | P | V | C | O | X | I | Q | L | I | A |
| O | U | Z | D | S | P | Ñ | E | L | F | C |
| R | S | A | E | I | R | A | P | O | S | A |

• AXUDA AO GALO A CANTAR



# TARXETAS ANIMAIS




-É mamífero. Alejandra
-Ten pelo.
-Nace do ventre da nai.
-É vertebrado.




-É mamífero
-É vertebrado
-É carnívoro
-Ten moito pelo

Noa




É mamífero.
Nace do, ventre da nai.
-É carnívoro.
-É vertebrado. Gala




É vertebrado. É carnívoro.
É vivíparo. É mamífero.

2ºB




- É carniboro.
- Ten moito pelo.
- Ten catro patas.
- É mamifero.
- É vertebrado.

Erea




- É carnivoro e ten catro patas
- É mamifero
- É vertebrado
- Ten melena

Xoel




- É ave
- Ten ás
- É vertebrado
- É ovíparo

Lola




- É mamifero - É vertebrado
- Ten pelo. - É carnivoro.
- Ten rabo.

Naidra




- É vertebrado
- Ten espiñas
- É ovípara
- Ten aletas

Icia

- Respira por branqueas.
- Nacen de ovos
- Ten escamas
- É vertebrado

SALMÓN



Lois


Cachalote.
-É mamífero.
-É vertebrado.
-É ovíparo.
-Vive no mar.
Beltrán


VELOCIRAPTOR
XABI
-É carnívoro.
-É vertebrado.
-É un reptil.
-É ovíparo.


PEIXE PAIASO
-É ovíparo.
-É vertebrado.
-Repira por branquias.
-Ten aletas.

# 2º B

# EXPERIMENTOS EN 3º

Os alumn@s de 3º convertemos a nosa aula num pequeno laboratorio caseiro, no cal realizamos algúns experimentos. Estivemos empregando distintos metodos para separar mesturas heteroxé-neas.

## Pasámolo xenial

O primeiro metódo foi o de IMANTACIÓN



Primeiro mesturamos arroz con clips.

¿E como separamos os clips do arroz?

Separamos os compoñentes empregando un imán .






Foi moi sinxelo !

O seguinte método foi o de FILTRACIÓN

Empregase para separar os solidos dos liquidos .

Como o fixemos ?






Primeiro mesturamos auga con trigo sarraceno muído. Remexemos, e a continuación o baleiramos nun filtro de papel.

-O sólido queda no filtro e a auga cae nun recipente e ... XA O TEMOS!

-Outro método foi o de TAMIZACIÓN





Mestura dous solidos de distinto grosor: arroz e fariña. Baleiramos a mestura nun coador e a tecnica consiste en ir golpeando suavemte o coador; e así so nos queda o arroz no coador.

Continuamos co método de

# DECANTACION

· Separamos os compoñentes porque teñen distinta densidade.





Mesturamos auga e aceite nunha botella de plastico. Previamente fixémoslle un buraquiño ao tapón de plastico. Dandolle a volta a botella, quedounos a auga abaixo e o aceite enriba.

· Baleiramos a agua nun recipiente e o aceite
· Noutro

E XA ESTÁ!

· Para rematar fixemos a

# POCIÓN MÁXICA





Mesturamos auga quente con vinagre e colorante. Engadimos aceite e posteriormente unhas culleradiñas de bicarbonato e ...







 

O bicarbonato atravesa o aceite ata chegar ao vinagre. Ahí reacciona co ácido acético do vinagre, liberando dióxido de carbono ocurrindo unha reacción química



# A VIAXE NO TEMPO

Un día os nenos e nenas de cuarto facían unha exposición sobre as liñas do tempo.



As viaxes no tempo fórmanse no universo cuántico!!!!
imos facer unha mostra
para iso trouxemos unha máquina do tempo
imos ver cousas pasadas marabillosas
vaiámonos pois ao ano 2011
eu teño medo por si a máquina escacha!!
eu teño moitas ganas de ir
que emocionante, non si?
podemos quitar as máscaras
en serio, sen mascarilla?
Siii, daquela non había coronavirus
que ben pois imos aló, logo
encántame esta viaxe!!
entramos todos? somos 25
si, si, si veña todos para dentro
veña dádelle ao 2011
Pasaron vinte segundos e dixeron...
que rápido foi...xa estamos??? abride a porta!!
parécevos isto 2011???
eu creo que non... isto é a PREHISTORIAAAAAA
corre Lola...é un T-REXXXXXX
iso que acaba de pasar é un...velociráptor?
siiiiii, vou morrer do susto
creo que estamos cando se extinguiron os dinosaurios
corredeeeee a mestra non se vai crer istoooooo
non vos parece que ese volcán vai erupcionar?
mentres na clase...
onde están os nosos alumnos Bruno???
houbo un erro coa data e están no Cretácico


miña nai....e agora que facemos????
pensa rápido Cris, pensa....
os rapaces seguen en perigo!!!!ou nonnnn???
quitade xa o telón e imos para clase...xa está ben de facer falcatruadas...
Aos mestres lles vai durar o susto un ano enteiro...
jajajajajajajaja
Era todo mentira, unha pequena broma do nenos e nenas de cuarto para os profes!!!!! Ata a próxima
Lucía, Claudia, Martín, Valeria, Gabriel e Rubén
Germán, Mario, Noa, Alba, Maia Lomba e Aarón
Saúl, Antón, Gabriela, Maia Pérez e Diego
Carmela, Julia, Lola, Vera e Sarai
Aitana, Manuel, Kevin, Profe Bruno e Profe Cris

# REGUEIFAS



Moi bo día teñan todos
isto hoxe vai rachar
porque tódolos de quinto
aquí vimos regueifar




As regueifas sonche coplas
unha herdanza secular
que se cantaban nas vodas...
pola hora de xantar




Regueifa tamén chamaban
ao pan doce que ofrecían
aos convidados á voda
e ao baile que alí facían




Imos loitar con palabras, con retranca e ironía
con pique e bo humor...
remataremo-lo día




Hai dúas modalidades, normalmente é cantada
pero hoxe nos aquí
imos facela rezada




E xa imos dar comezo
presten moita atención!
que o que imos dicir...
é digno de admiración !


Moi bos días 5ºB
hoxe imos regueifar
somo-los de 5ºA, e querémosvos retar
Bos días a vós tamén, amigos de 5º A!
aceptámosvo-lo reto
pois queremos regueifar
Graciñas por apuntarvos
sabedes que imos gañar
témosche moito talento
e non che imos calar
Que gañedes está por ver
de talento no ides ben
no asunto de regueifar
5ºB imos gañar!
De talento imos sobraos
e para as coplas ben facer
rimade segundo e cuarto
tedes moito que aprender
De fachenda ides sobrados...
non así de educación
os que gañamo-lo premio...
somos nós e vós non!


Para vós educación
é gañar un concursiño
coas mascotas do colexio
amigas de Amodiño
Non sabedes que dicir
estades moi desgustados
ata que gañedes vós...
tedes que estar ben calados!
Xa veredes que moi pronto
seremo-los gañadores
e vós reconeceredes, que nós somo-los mellores
Vós serede-los mellores...
pero o voso patio non
pois éche o máis pequeno...
non vale un patacón!
Sabemos que é pequeno
pero está cheo de flores
e o voso é máis grande
pero non é dos mellores.
No noso patio temos monte
E podemos escalar
Pero vos coas vosas flores
Tan so pódedes cheirar
fff


Iso é o que os pensades
que estamos sempre cheirando
non pensedes que é mellor
estar sempre gabeando
Cheirando ou gabeando, o caso é divertirnos
estase facendo tarde...
e temos que despedirnos
Xa nos imos despedindo
isto xa vai rematando
seguro que outro día
seguiremos regueifando
Cando queirades amigos, estámosvos agardando
retomamo-la regueifa...
acabaremos gañando!
Despedímonos por hoxe, compañeiros de fatigas
este curso que acaba
fixemos moi boas migas
Iso é certo compañeiros, hoxe aquí xa rematamos
fixemos moi boas migas...
e a todos saudamos!




**Profe Luz, Yassin, Ismael, Sabela, Vera, Xoel, Lara**

**Hugo, Xiana, Pedro, Óscar, Xoel, Dubra.**




**Profe Patri, Martín, Dani, Diego R. , Khalid, Hernán, Andrea**

**Diego V. , Álex, Ainara, Noa, Alba, Nair, Hao.**

# Xela Arias

Letras Galegas 2021

Naceu en Sarria (Lugo) o 4 de marzo de 1962.
Ao nacer puxéronlle de nome: María de los Ángeles. Despois ela mudaríao a Xela (como adoitaba chamala na casa dende pequena).
Ata os 7 anos estudou na granxa de Barreiros. Posteriormente trasladouse a Vigo coa súa familia, Ingresando no Instituto Castelao.
Deixou os estudos cando cursaba COU, para comezar a traballar en Edicións Xerais de Galicia, en 1979 -ano de fundación da editorial.
Desde o ano 1980 Xela Arias comezou a publicar en revistas como A Nosa terra, Diario 16 ou Faro de Vigo.
A súa introducción no mundo literario produciuse en 1986 con Denuncia do equilibrio, un poemario innovador, obra coa que se deu a coñecer e logrou ser finalista do Premio Antón Losada Diéguez.




En 1991 retomou os estudos, cursando Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo.
Foi poeta, tradutora e profesora. Como poeta destacan Tigres coma cabalos, Darío a diario, onde ofrece unha re-

flexión sobre a súa propia experiencia como nai do seu único fillo, Darío, nado en 1994; e Intempériome que foi o seu último poemario.

Traduciu obras de autores como: Miguel de Cervantes, Gianni Rodari ou Roald Dahl.

No curso 1999-2000 comezou a exercer como profesora de ensino secundario de Lingua e Literatura Castelá en municipios galegos como Chapela, A Guarda ou Vigo.

Era unha persoa comprometida coas causas sociais e a ecoloxía.

Faleceu en novembro de 2003 en Vigo aos 41 anos por mor dun ataque cardíaco, sendo soterrada no cemiterio de Pereiró.



«De certo, a vida ía en serio.
Por iso morrer non conta.
Números.
Eras moza, cómplice
nunha derrota que non sumabas
Feliz por terte insomne, por inmortal.
Xa temos cadáveres amigos e coñecidos.
Sabemos da morte, o legado inútil»
(Intempériome, 2003)

Alumnado de 6º E.P.

# ENTROIDO DE OÍMBRA

Neste Entroido clásico galego, o lume é o protagonista.

E a canta distancia está esta Oímbra? Dende o noso colexio, podemos ir en coche pola A-52 e tardaremos, aproximadamente, unha hora e vinteoito minutos. Tamén temos a opción de ir pola OU-52 e pola A-52, onde tardaremos unha hora e corenta e oito minutos.



Sabíades que nesta festa hai dúas partes? Trátase do luns de bodegas e o martes de fachóns. O luns zampan moito e o martes prenden lume aos fachucos.

En relación a súa orixe esta é incerta. Segundo os estudos, as raíces son celtas, pero non os de fútbol! O de prender lume ven por unha enfermidade que combatían coa axuda do mesmo, específicamente cos fachóns.

O luns de bodegas o que fai a xente é papar, papar e papar, o que a todos nos gusta! Pero ollo, non vos pasedes co viño, andade con sentidiño... mellor auga fresca, que é o que máis refresca... salchichón, salchichón, salchichón, e coma sempre, pulpo a mogollón!



Para regresar pola noite ás aldeas despois das festas, os fachóns eran o medio natural que tiña a xente para aloumiñar os camiños de volta a casa.

Para facer o fachón ( tamén chamado "facho" ou "fachuco") empregábase palla longa, arríncabase do pallar, nivelábase o cañoto e collíase un pouco máis de palla para facer os atadallos. O fachón prendíase fóra da eira para evitar incendios nos cortellos.



Ás veces é difícil atopar a palla dos fachóns, pero o propio concello encárgase de que esta non falte para a festa.

E que se fai con eles? Pois vaise polas empredadas rúas da vila con eles prendidos. De volta, xúntanse todos nunha gran fogueira cun boneco, que arderá durante toda a noite. E segue a festa ata altas horas da madrugada, con baile e manxares variados. VIVA O ENTROIDO DE OÍMBRA!

Alumnado de 6º EP

# DiciMOScho Nós

Os alumnos/as de 6º E.P imosvos ensinar un pouco de galego de forma divertida... Benvidos a DiciMoscho nós!

| X NON DIGAS... | | ✓ DI... | |
|---|---|---|---|
| Libreta |  | Caderno |  |
| Estuche |  | Estosco |  |
| Asignatura |  | Materia |  |
| Silla |  | Cadeira |  |

ARI THIAGO CARLOS NATI ALDARA NOA VEGA

SARA JOEL XABI PAULO

# Feliz verán

